

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE
AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER.**

Artigo. 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 165 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, deste Concello establece a Taxa por licencia de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo, 2º.- Feito imponible.

Constitúen o feito imponible desta Taxa a presentación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer a que refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 753/1979, de 16 de marzo, que se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu otorgamento, con arreglo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.
- e) Dilixencia dos libros-rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

Están obrigados ó pago da Taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo, 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

- 1.- A persoa ou entidade a cuio favor se lle otorge a concesión e expedición da licencia, ou en cuio favor se autorice a transmisión de dita licencia.
- 2.- O titular da licencia cuio vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e cuios libros-rexistro sexan dilixenciados.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos sociedades e entidades en xeral, nos suposto e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cuota tributaria.-

A cuota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 6º.- Exencions e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da Taxa.

Artigo 7º.- Devengo

1.- Cando se trate da concesión de licencias nace a obrigación de contribuir na data en que este Concello conceda e expida a correspondente licencia ou autorice a súa transmisión, ou no seu caso, autorice a substitución do vehículo. No obstante, poderase considerar que nace a obrigación de contribuir no momento de presenta-la correspondente solicitude.

2.- Cando se trate da presentación dos servicios de revisión de vehículos e dilixenciamento de libros-rexistros, a Taxa devengarase no momento en que inicie aquela prestación entendendo, a estes efectos, que dita iniciación produce coa solicitude dos mesmos.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1.- A realización das actividades e a prestación dos servicios suxeitos a esta Taxa levaranse a cabo a instancia de parte.

2.- Tódalas cuotas serán obxecto de liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licencias ou autorizacións de que se trate e realizado-los servicios solicitados, procedendo os contribuinte ó seu pago no prazo establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recaudación.

3.- No obstante poderán os Concellos esixi-lo ingreso no momento da presentación da solicitude en calidade de depósito previo.

Artigo 9º.- Infraccións e Sancións.


En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancions que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.-


A presente Ordenanza fiscal, cúa redacción definitiva fou aprobada polo Pleno da Corporación e entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo ata a súa modificación ou derogación expresa.

Salceda de Caselas, 1 de xaneiro do 2004.

O Alcalde,



O Secretario Acctal.



aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.

A N E X O
TARIFAS EJERCICIO 2004

<i>Conceptos</i>	<i>Contía euros</i>
Tarifas:	
— A contía da taxa queda fixada para todo tipo de construción, coas excepcións contempladas neste mesmo anexo,	2,1% do presuposto no real da obra
— A contía da taxa queda fixada para as vivendas unifamiliares, no	2,1% sobre a base do Imposto sobre Construcións e Obras (ICO)
— Licencia mínima: para aquelas obras ás que aplicándolle o tipo xeral do 2,1%, resultara inferior a 30 euros	30,00 Euros
— Publicidade vertical, por m2	10 Euros
— Tarifa mínima publicidade vertical	10 Euros
— Licencias de 10 Ocupación (por vivenda, baixo)	10 Euros

Salceda de Caselas, a 11 de febreiro do 2004.—
O Alcalde, José M. Fernández Rodríguez.

— E D I C T O

Rematado o prazo de exposición ó público sen producirse reclamacións contra os acordos plenarios do 18 de decembro de 2003, aprobatorios de diversos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais, anunciado no Boletín Oficial da Provincia nº247 do 23-12-2003, procédese á publicación dos seus textos íntegros unha vez elevados a definitivos os devanditos acordos, de conformidade co disposto no artigo 17, párrafos 3 e 4 da Lei 39/1988 do 28 de decembro:

A) MODIFICACIÓN DOS ANEXOS
DAS SEGUENTES TAXAS:

Nº 2: *Taxa por Licencia de Autotaxis e demais Vehículos de Aluguer*

A N E X O

1º.—As tarifas que se aplicarán para a exacción de esta Taxa serán as seguintes:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
a) Concesión e expedición de licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer...	198,33
b) Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu otorgamento con arreglo á lexislación vixente	82,64
c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa por cambio voluntario ou por imposición legal	82,64

d) Revisión anual ordinaria e revisión extraordinaria

7,93

Nº 4: *Taxa por Servicio de Sumidoiros*

A N E X O

1º.—As tarifas que se aplicarán para a exacción de esta Taxa serán as seguintes:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
a) Tarifa única para todo-los propietarios ou usuarios de fincas urbanas, a que se refiere o apartado 1,b do art.3 desta ordenanza	37,00
b) Cuota de conexión a rede de sumidoiro por vivenda ou local	152,00

Nº 5: *Taxa por Recollida de Lixo*

A N E X O

1º.—As tarifas que se aplicarán para a exacción desta Taxa serán as seguintes:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
a) Por cada vivenda no casco urbano, e pequenos comercios no rural (anual)	45,00
b) Pequenos comercios, casco urbano.....	83,00
c) Charcuterías, Carnicerías, Talleres, Bares, Cafeterías, Restaurantes e similares ..	105,00
d) Supermercados, Froiterías e indus.....	190,00
e) Por cada vivenda, no rural.....	27,00

(Nº 6) *Taxa por Servicio de Matadoiros, Lonxas e Mercados, así como a Carrexa de Carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e Servicios de Inspección en materia de Abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir*

A N E X O

PRAZA DE ABASTOS

1º.—As tarifas que se aplicarán para a exacción desta Taxa serán as seguintes:

<u>Conceptos</u>	<u>Euros</u>
a) POSTOS FIXOS PECHADOS:	
— Carnicerías a	29,00
— Charcuterías a.....	22,00
— Peixerías a.....	22,00
— Cantina	29,00
— Froiterías e varios	15,00
b) POSTOS ABERTOS - BANCADAS: 5,00 €/día.	

MATADOIRO

1º.—As tarifas que se aplicarán para a exacción desta Taxa serán as seguintes: